



Lee con atención este informe. Despois resposta as seguintes cuestión

- 1ª. Que características económicas, sociais e culturais compartían estas mulleres?
- 2ª. Cales foron as razón da súa reclusión no “manicomio” de Conxo?
- 3ª. Que formas de represión aplicou a ditadura franquista sobre as mulleres?



SER 2020S GALIZA

TOLAS NO F

O silencio cara ás vítimas do franquismo, e nomeadamente ás mulleres, foi aínda máis fondo para quen padeceron enfermidades mentais ou foron tratadas como tolas por un réxime misóxino que, lonxe de amparalas, fechounas en Conxo. A dureza do psiquiátrico superou a dos cárceres e foi mortal para as que, carentes de medios, asilaron as Deputacións. Á fin, a tolemia foi outro lucrativo negocio da ditadura.

AS MULLERES QUE A DITADURA FECHOU EN CONXO



TEXTO MONTSE FAJARDO

SG 4



Participantes no Congreso de Neuropsiquiatría decorrido en Compostela en 1952, retratados diante do Psiquiátrico de Conxo (Compostela). / Cediada por David Simón

FRANQUISMO

O Arquivo de Galiza, que en 2012 se fixo cos importantes fondos do psiquiátrico compostelán, organizou o pasado ano a exposición *Voces esquecidas. As mulleres do Hospital de Conxo*, que foi a faíscas que me levou a investigar os expedientes das que ficaron alí ingresadas durante a ditadura franquista, nun intento de achegarme á relación entre represión e tolema: cantas desas mulleres perderan o *oremus* por mor da violencia desatada polo bando golpista, ou cantas ficaran retidas pola misoxinia do réxime e non por unha doenza real.

O intento chocou con varios hándicaps: os fondos apenas conservan un de cada catro

expedientes, outros ficaron inconclusos, e mesmo nos que están completos é difícil chegar a conclusións. Non sabemos canto de delirio teñen as declaracións de B. cando afirma "quérenme facer dano os de arriba, que entran pola noite aquí". Nin se M.J., que berraba angustiada: "están matándoos, oio os seus berros!", remataría ingresada en Conxo se non chega a ser polo golpe. Mais a consulta das dúcias de expedientes que se conservan no Gaiás si permite afirmar que a ditadura agravou as consecuencias que padeceron as galegas que ficaron tolas ou aquelas que, por unha razón ou outra, foron consideradas como tal polas autoridades.

O sexismo do réxime e da propia época fica moi presente nos informes médicos, que con frecuencia inclúen apuntamentos como "loucura xenital", "loucura histórica", "psicóse melancólica" ou "histerismo constitucional". Considerar a histeria como unha cousa de mulleres non era algo novo. Definida desde o século XIX como "unha emigración do útero a consecuencia da sequidade producida por falta de contacto co seme", tratábase aplicando xeo na zona ovárica ou mesmo procedendo á súa extirpación cirúrxica, e moitas mulleres que hoxe serían diagnosticadas, por exemplo, de depresión post parto, ficaron así, aínda ben entrado o século XX.



Ao outro lado do muro

O traballo sobre as mulleres ingresadas en Conxo durante a ditadura, que foi o escollido polo xurado no último certame da SELIC, recolle tamén casos de galegas que sen chegar a ser ingresadas no psiquiátrico compostelán viron a súa saúde mental afectada polas vexacións sexistas ás que foron sometidas polos golpistas. O caso máis coñecido e o de Coralía e Maruxa Fandiño Ricart, as dúas Marias de Compostela. Nunca saberemos, porque elas non contaron, se foron violadas, pero si gardou a veciñanza que as sacaban de noite e as obrigaban a espirse na rúa. Igual que lle pasou a Lola Cerqueiro. Nunca vai poder esquecer Vilaboa o seu pranto. Sentírona laiarse moitas noites de moitas décadas. E perto de alí, a viguesa Ofeía Wenninger perdeu a razón por mor das reiteradas visitas nocturnas que lle fixo a partida que ía en busca do seu home. Enrique Gómez, finalmente asasinado igual que os seus irmáns, Manuel e Alfonso.

Coralía e Maruxa Fandiño Ricart,
as dúas Marias de Compostela.





pechadas en Conxo, moitas veces para sempre.

O psiquiatra David Simón, un dos máis grandes divulgadores da historia do psiquiátrico compostelán, asegura que durante practicamente todo o franquismo, até 1968, a relación entre entradas, saídas definitivas e mortes, era practicamente igual que a rexistrada nos asilos de persoas anciás. O fin último non era atender adecuadamente a doente senón afastala da sociedade e deixala morrer nun lugar aínda peor que a prisión. L. é trasladada desde a de Ferrol tras solicitar o tribunal que a xulgaba por delito á forza armada que se peritase se tiña esquizofrenia e, logo de dous meses, dille ao médico que prefire volver ao cárcere que permanecer en Conxo.

A diagnose que fai o doutor -amósase desconfiada pero ten clara intelixencia e observa boa conduta- vai reafirmar a idea de que en ocasións o réxime considerou tola a quen simplemente se separou do corsé de nai e esposa cristiá reservado para elas: S. é ingresada en setembro de 1946 porque, segundo o pai, "toleou de tanto estudar: día e noite estaba estudando". E o de E. deulle unha malleira porque "sempre se opuña a todo o que non fose a súa vontade". Ela declara: "Eu quería ser mestra, que me deixen". A exposición compostelá recolleu a conclusión da psiquiatra valenciana María Huertas, que tratou mulleres ingresadas nos anos 70: o 40% non tiñan ningunha enfermidade mental, senón "malestar froito do sufrimento de funcionar cos patróns de xénero, ser nai, esposa ou ama de casa". Mesmo hai expedientes que denotan que grazas á tutela que lles dá a lexislación franquista, os homes decidiran fechar as esposas no manicomio para ficar cos seus bens.

O golpe e as doenzas mentais

Respecto á relación entre o golpe e as doenzas mentais reais, non é difícil entender que vivir nun estado policial con disparos, malleiras, detencións, vexacións e asasinatos provocou problemas nerviosos entre a poboación, non só feminina, e por iso entre os



Arquivo Díaz Pardo



Arquivo familiar

Antonia Pardo no día do seu casamento.

Manuela Abuín entrou en Conxo en setembro de 1946, ao non ser quen de superar o trauma que lle provocou ter atopado o cadáver do seu home cun tiro na tempa en agosto de 1936.

Esperanza Losada.



IEM

historiais atópanse casos como o de L., que enfermou o propio 20 de xullo "a consecuencia de ter entrado uns paisanos armados na súa casa". Di o expediente que estaba soa, colleu medo, "e desde entón empezou a manifestar signos de anormalidade, durmía e falaba cousas absurdas mais todas relacionadas cos escopeteiros e o movemento actual". M. dicía que ao ver soldados pensaba que a querían matar e D. repetía unha e outra vez que "os mataron a todos". Ademais, hai expedientes que parecen estar relacionados coa culpa provocada polas delacións. Por exemplo, o de J., que asegura que quería pedirlle perdón ao seu irmán polas inxurias que dixera, ou o de N., que intentara cortarse a lingua cunhas tesoiras tras declarar: "É todo pola miña causa! Sería por poñer así o brazo?", especificando o doutor nos seus apuntamentos que amosaba o brazo estendido, ao tempo que afirmaba: "Din que eu era mala, dino todos".

Tamén temos constancia, a maioría das veces grazas á memoria oral, de mulleres con doenzas xurdidas tras o asasinato do seu compañeiro. Isaac Díaz Pardo contou máis dunha vez que tras o asasinato do seu pai, Emilio Díaz Balaño, a súa nai, Antonia Pardo, "perdeu o sentido e non o volveu recobrar de todo nos dous anos que o sobreviviu". E o mesmo dicía a descendencia de Abilio Araújo, integrante do sindicato de construción de Gondomar asasinado no Rosal. A súa viúva, Esperanza Losada, conviviu cun trastorno mental que lle foi diagnosticado pasados os anos, cando para fuxir do réxime que lle esmagara a vida, a familia exiliouse en Uruguai. Contou o seu fillo, Eduardo Araújo, que os médicos que a atenderon alá dixeron que non había nada que facer, que pasara demasiado tempo sen tratamento ningún.

Nalgúns casos, ese fondo dó derivou no internamento en Conxo. A carrilexa Manuela Abuín entrou en setembro de 1946, ao non ser quen de superar o trauma que lle provocou ter atopado o cadáver do seu home, Antonio Meaños, cun tiro na tempa, xusto unha década antes, en agosto de 1936. Contou moitas veces a súa filla Carmen que



Cecilia por David Simón

Foto de Manolo Yáñez no interior de Conxo para unha publicación de 1975.



desde aquel intre toleara, tiraba a roupa, faltaba ao traballo, mesmo lles pegaba a ela e ao seu irmán. Coa morte do pai quedaron na indixencia e a familia intentou que o concello se fixese cargo, mais desoiron os seus rogos até que, no verán do décimo aniversario, Manuela empregou a súa rabia en estragar as luces que rodeaban un busto en honor a José Antonio e foi levada a Conxo, asilada pola Deputación. Fugouse ese mesmo día pero atopárona e alí ficou até a súa morte, ocorrida tan só catro anos despois, en 1950, por mor dunha doenza estomacal que probablemente provocou a falta de alimento.

É desolador coñecer, nomeadamente grazas ao traballo de psiquiatras como Simón ou Emilio González, as condicións que soportaron as persoas ingresadas durante a ditadura franquista. Cabe lembrar que o compostelán foi o único psiquiátrico público co que contou Galiza desde a súa inauguración, en 1885, até a apertura do de Castro de Rei en 1953 e, polo tanto, foi o destino de doentes das catro provincias, aínda que as constantes tirapuxas que mantiveron as deputacións coa dirección polo custo das estadias, fixo que Lugo optase por mandar tamén pacientes a Valladolid até a apertura do seu propio centro. En 1938, 800 das 900 persoas ingresadas en Conxo tiñan a condición de asiladas e o feito de que a cantidade abonada para a súa manutención se considerase insuficiente, repercutiu directamente tanto no tratamento como nas súas condicións de vida.

As diferenzas coas persoas de familias con cartos que si pagaban estadia era abismal. Conta González no seu imprescindible traballo *A siquiatria en Galicia*, publicado por Edicións do Ruedo en 1977, que unha das máis evidentes era o grao de despersonalización. A quen tiña cartos, permitíasele conservar obxectos persoais e ser chamada polo seu nome, mentres que as asiladas eran nomeadas por un alcume que, normalmente, facía referencia a algún defecto físico: a birolla, a manca, a berberecho... e prohibíaseles manter sequera un bastón para apoiarse ao camiñar. Cando chegaban cortábanlles o pelo a cero, tatuábanlles na pel

o número do seu expediente e obrigábanas a cubrirse cunha bata azul, permitíndose só o uso da súa roupa nas ocasións en que tiñan visita, que eran escasas pois estaban prohibidas nos primeiros meses e logo precisaban dun permiso específico, sen poder superar nunca a hora de duración. Tamén estaba limitada a comunicación por carta e algunhas das tristuras máis grandes que atesouran os historiais son as misivas que as presas lles dedicaban ás súas familias e que ficaban para sempre nas carpetas dos médicos que as atendían.

No psiquiátrico había unha media de 120 camas por cada dormitorio de clase baixa, o que supuña triplicar a capacidade prevista por habitáculo. As asiladas durmían sobre pallas, non había sabas para todas e moito menos mantas que paliasen o frío do inverno. Ademais, apenas había un retrete para cada 150 e só tiñan dereito a un baño comunitario á quincena. Iso se había auga. Ao rematar volvían vestir unha bata azul que non sempre estaba limpa dabondo.

Sobrevivir en Conxo era ben difícil. As enfermidades chegaban a través dos ratos que campaban na carraña, pola falta de alimentos ou mesmo polos tratamentos que se aplicaban, cando non eran as propias internas as que se autolesionaban. O expediente de M.J. recolle que tratou de suicidarse, o de C. que se lanzara por unha varanda e rompera a perna, o de R. que non facía máis que intentar tirarse pola fiestra, e o de E. que facía o mesmo pero coas ventás. A ración alimenticia era tamén escasísima e sen valor nutritivo, agás para quen pagaba cota. Era tal a fame que algúns dos escasos motíns que houbo no psiquiátrico tiveron o comedor como escenario e as monxas lograron aplacar un, rexistrado nos anos 40, cunha simple bandexa de doces.

Numerosos falecementos após o ingreso

Os expedientes tamén constatan que son numerosos os falecementos que teñen lugar apenas un par de semanas após o ingreso. Mesmo hai pacientes que só sobreviven 48 horas, vítimas dos tratamentos

O MÁIS HABITUAL ERA A PIRETOTERAPIA: PROVOCAR FEBRES MOI ALTAS POR MEDIO DE CALQUERA MECANISMO PARA QUE AS INTERNAS FICASEN BALDADAS. ACOSTUMABAN FACELO INXECTANDO O XERME DA MALARIA OU DO PALUDISMO

utilizados. Durante os anos 30 e 40 o máis habitual era a piretoterapia, que consistía en provocar febres moi altas, mesmo superiores aos corenta graos, por medio de calquera mecanismo para que as internas ficasen baldadas durante días. Acostumaban facelo inxectándolles o xerme da malaria ou do paludismo, e mesmo facían perforacións da coxa até alcanzar o óso co fin de causar abscesos que subisen a temperatura. Son ducias os historiais con anotacións sobre a impadurlización e os seus correspondentes diagramas de picos febrís.

T. é unha das mulleres que morre apenas un par de meses após o ingreso, por mor dun colapso provocado por febres e unha grave diarrea. Mesmo chegaron a facerse lobotomías, a perigosa cirurxía que supuña seccionar fascículos nerviosos dun lóbulo cerebral, aínda que non era a práctica máis habitual. O máis común era o electroshock, que consiste en someter o cerebro a unha descarga eléctrica que provoca unha perda de coñecemento. Era o que máis temían as enfermas porque se batían como se padecesen un ataque epiléptico e logo ficaban aparvadas durante horas, mais ao ser o máis económico, era o máis empregado. O máis terrível era que se decidía sen apenas control médico, ás máis das veces por simples enfermeiros, un cargo que en moitos casos ocupaban vixiantes analfabetos.

Para eles, tanto a descarga como os psicofármacos, que se xeneralizaron sobre todo no tardo franquismo, non eran máis que un método para castigar as persoas máis díscolas dun psiquiátrico superpoboado e cun cadro de persoal escaso. Ambas as cuestións tiñan relación co feito de que, malia autodefinirse como institución benéfica, Conxo deu ganancias desde o momento mesmo da súa inauguración, tanto á Igrexa como a quen lle prestou cartos para as sucesivas ampliacións. Tanto é así que González afirma que moitos dos prósperos negocios que naqueles tempos se abriron en Compostela se puxeron en marcha grazas á fame que pasaron as tolas e os tolos da Galiza.



Da Galiza á Arxentina

A represión económica foi outro dos castigos padecidos por galegas como Adelina Gama, integrante dunha das familias máis perseguidas de Pontevedra. Mataron o seu irmán Faustino, mentres que outros dous, Manuel e Alejandro, pasaron varios anos no cárcere. Ademais, a súa irmá Custodia foi rapada, golpeada, e quitáronlles os ultramarinos que rexentaban na cidade. Así que para evitar males maiores a familia decidiu metela ás presas nun buque rumbo a Arxentina, e a dureza de deixar todo atrás fixo que Adelina enfermase e ao chegar a Bos Aires fose ingresada nun psiquiátrico durante dous anos. Tamén era de Pontevedra e tamén foi expropiada a familia do doutor Amancio Caamaño, asasinado o 12 de novembro. A consecuencia da persecución, a súa cuñada Choncha tivo que permanecer durante varios meses en Conxo e o seu expediente é un dos que testemuñan a relación entre represión e doenzas mentais.



Adelina Gama cun familiar.
Abaixo, Concha Caamaño (á esquerda), cuñada e curmá de Amancio, con familiares.

A memoria das mulleres